



Dirección Xeral de Mobilidade. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Protocolo de recomendacións para a prevención e actuacións fronte ao virus Covid-19

1. Introducción

2. Conceptos xerais

3. Como previr a infección

4. Accións fronte o Covid-19 recomendadas pola Dirección Xeral de Mobilidade

5. Pautas recomendadas de actuación

6. Outras recomendacións xerais

7. Actuacións en vehículos e instalacións

Anexo 1: Cartel informativo Transportes

Anexo 2: Cartel informativo SERGAS

Anexo 3: Protocolo recomendado de medidas preventivas

1. Introducción:

O presente documento pretende recompilar a información básica sobre a actual pandemia de coronavirus e trasladar ás empresas encargadas do transporte público na Comunidade Autónoma de Galicia medidas para conter a propagación do virus Covid-19 e garantir a continuidade na prestación dos servizos.

2. Conceptos xerais

Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde), o novo coronavirus (chamado virus Covid-19) é un virus respiratorio, que se propaga principalmente a través de pingas respiratorias dunha persoa infectada, xeradas ao tusir ou estornudar, que poden inhalarse ou contaminar as mans e as superficies. Aínda se descoñece como o virus pode sobrevivir nas superficies, pero a información preliminar suxire que pode durar varias horas.

3. Como previr a infección:

Para previr a infección por coronavirus resulta máis efectivo incidir nas medidas hixiénicas de lavado **constante de mans e manter distancia de seguridade**, evitando contacto físico:

- Lavarnos as mans con regularidade, utilizando auga e xabón, durante polo menos 20 segundos.
- Utilizar xel desinfectante de mans con base de alcol.
- Evitar tocarnos os ollos, nariz e boca coas mans sucias.
- Cubrirnos co cóbado cando tusimos ou estornudamos.
- Utilizar panos desbotables; e tiralos despois do seu uso.

4. Accións fronte ao Covid-19 recomendadas pola DX de Mobilidade

*Medidas relacionadas con empregados **das empresas***

COMUNICACIÓN EXTERNA

Estar en permanente contacto coas Autoridades Sanitarias, Mutua e Servizos Médicos de Vixilancia da Saúde para dispor dunha correcta análise e actualización da situación a momento actual.

ELABORACIÓN DOCUMENTACIÓN

Ter protocolos de actuación para traballadores segundo a información facilitada por Autoridades Sanitarias e adaptados á situación operativa para continuar a actividade sen poñer en risco a ningún traballador.

UNIFICACIÓN CRITERIOS ACTUACIÓN

Redactar directrices para traballadores durante a actividade laboral diaria en aspectos que inflúen no seu traballo diario (reunións, viaxes, eventos, etc...).

CANLES RECEPCIÓN INFORMACIÓN

Habilitar canles para resolver consultas expostas en relación con temas de saúde laboral e, en concreto, respecto do coronavirus

INTERLOCUCIÓN BIDIRECCIONAL

Comunicación constante cos diferentes responsables de RR.HH. para a análise da situación diaria e, no seu caso, implementar medidas concretas en cada zona segundo sexa necesario.

SEGUIMIENTO EN TEMPO REAL

No caso de que poida verse afectado persoal traballador pola enfermidade, facer un seguimento de todos os casos levando a cabo unha interlocución adecuada coas Autoridades Sanitarias e cos propios traballadores implicados.

4. Accións fronte ao Covid-19 recomendadas pola DX de Mobilidade

*Medidas relacionadas co **material***

Limpeza

Establecer un protocolo de limpeza e desinfección intensiva de instalacións e vehículos con carácter diario.
De ser necesario, establecer medidas de seguimento dos provedores de limpeza e seguridade para garantir a súa actividade.
Fixar uns niveis de stock mínimo que permitan garantir a subministración de material de limpeza e xeles desinfectantes.

Baixas laborais

Prever unha programación das necesidades de soporte para lanzar o teletraballo co obxecto de garantir a continuidade do servizo se as circunstancias empeorasen

Outros

Subministración e instalación de xel desinfectante nos vehículos e centros de traballo.

5. Pautas recomendadas de actuación

A seguir detállanse os protocolos de actuación para responder ás diferentes incidencias que se produzan, aínda que en función da evolución poden modificarse, sempre atendendo ás indicacións das Autoridades Sanitarias.

Así mesmo, ante calquera dúbida, ou no caso de incidencia, pódese contactar a través do teléfono 900 400 116 habilitado pola Xunta de Galicia as 24 horas.

Con carácter xeral, é necesario:

- Manter informados os traballadores sobre as recomendacións para evitar a transmisión do virus.
- Manter o máximo rigor nos procesos de limpeza dos vehículos e instalacións. Protocolos de limpeza diaria.
- Proporcionar dispensadores de xel desinfectante ou sobres de monodosis en vehículos e instalacións de cada empresa.
- Nos medios de transporte, deixaranse libres os asentos das primeiras filas e das situadas nos pasos de entrada e saída.

Por último, facilítase a ligazón a “preguntas e respostas” sobre o virus Covid-19 elaborado polo Ministerio de Sanidade:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/20200224.Preguntas_respostas_COVID-19.pdf

5.1. Caso dun empregado con sospeita de infección por Covid-19

Se un ***empregado ten síntomas*** de ter o virus, xa sexa por ter síntomas ou estar en contacto cun caso sospeitoso, deberá de seguir as seguintes pautas:

- Avisar de contado ao seu superior xerárquico da situación.
- Trasládalo a un espazo pechado, preferiblemente con xanela.
- Chamar 900 400 116 para seguir as medidas que se indiquen polas autoridades sanitarias.
- Facer un seguimento do estado do empregado.

No anexo 2 móstrase cartel informativo sobre as pautas de actuación ante a sospeita de estar infectado polo coronavirus.

5.2. Caso de Empregado con positivo de Covid-19

Se un ***empregado deu positivo en Covid-19***, deberase:

- Avisar ao seu superior xerárquico da situación.
- O superior xerárquico comunicará a situación ás autoridades sanitarias, debendo seguir as instrucións que esta pronuncie.
- Quedarse na casa ata que se recupere totalmente.
- Analizar a contorna laboral coa que estivo en contacto.
- Informar a todo o persoal que mantivese contacto con esa persoa para que vixíen de maneira especial o seu estado.
- No caso do persoal de condución avisarase de contado aos viaxeiros que estivesen en contacto coa persoa afectada. Se realiza servizos para unha empresa en concreto avisarase ao responsable desa empresa para que comunique aos seus empregados da situación.

Contorna do empregado

- Valorarase o indicar á/s persoa/s que estivesen en contacto co empregado afectado a permanencia na súa casa, illada, de maneira preventiva ata coñecer o resultado das análises médicas.

No anexo 2 móstrase cartel informativo sobre as pautas de actuación ante a sospeita de estar infectado polo coronavirus.

5.3. Comunicación por parte das autoridades dun viaxeiro infectado

En caso de recibir información por parte das autoridades (xeralmente sanitarias) de que unha persoa infectada viaxou nalgún servizo público, haberá que actuar da seguinte forma:

- Cumprir as pautas de comunicación internas establecidas.
- Identificar o servizo utilizado (horario e nº de vehículo).
- Consultar a folla de ruta para identificar, se fose posible, o resto de viaxeiros.
- Contactar por calquera medio, preferentemente teléfono, co resto de viaxeiros co obxecto de que actúen en consecuencia.

6. Outras recomendacións xerais

- Non se recomenda o uso de máscaras, agás naqueles casos que se teñan síntomas de estar infectado.
- Non se debe tomar antivirais nin antibióticos; debe consultar ao seu medico a medicación apropiada a tomar.
- É conveniente reducir o contacto físico.
- Limitar/ reducir as labores de inspección dentro dos autobuses.
- Promover o teletraballo por parte do persoal de estrutura.
- Recoméndase realizar reunións a distancia.
- As rutinas de limpeza deben intensificarse.

7. Actuacións en vehículos e infraestruturas

7.1. *Limpeza de vehículos*

Na situación actual implantaranse protocolos de limpeza e desinfección diarios dos vehículos seguindo o esquema previsto no anexo III. Así mesmo, se as circunstancias o estiman oportuno, considerarase proceder a realizar unha limpeza/desinfección de vehículos urxente. Seguiranse os seguintes pasos:

1º Identificarase o vehículo.

2º Contactarase coa empresa de limpeza encargada da limpeza do autobús e procederase a encargar unha limpeza e desinfección específica segundo os protocolos que teña a empresa de limpeza.

3º En caso conveniente, procederase a contratar unha empresa específica de desinfección. No caso que se contrate o servizo especial de desinfección o autobús deberá estar inmovilizado tres horas despois de que remate o proceso.

7.2. *Limpeza en infraestruturas e instalacións*

Intensificarase a limpeza das infraestruturas utilizadas, con produtos desinfectantes axeitados, organizando limpeza diarias por quenda dos distintos elementos vinculados co servizo, deixando, no seu caso, de realizarse outras labores de limpeza máis prescindibles ou reducindo a frecuencia da limpeza en zonas non críticas.

As zonas críticas, nas que deberá aplicarse o produto desinfectante bañando as superficies, serán, cando menos: pasamáns, bancos e cadeiras, botóns ou dispositivos para pulsar de todo tipo de portas e dispositivos (ascensores, postes SOS, cisternas,...), máquinas expendedoras de produtos, grifería, dispensadores de xabón e papel hixiénico, bandexas de pago, etc

Distribuirase material desinfectante tanto a persoal operativo como de oficina para que teñan accesible un xel desinfectante.

Ademais de incluír carteis informativos para trasladar as pautas de actuación (anexos 1 e 2).

7.3. *Medios de limpeza para usuarios*

Habilitaranse os medios necesarios para que teñan accesible un xel desinfectante (dispensador ou monodosis).

7.4. *Cartelaría*

Disporanse nos lugares máis visibles carteis informativos sobre o Covid-19, as normas de hixiene a seguir e de recomendacións para infectados e colectivos sensibles (anexos 1 e 2).

Anexo 1:

Cartel informativo Transportes

NON USE O TRANSPORTE PÚBLICO SE



- É especialmente **vulnerable** ás infeccións respiratorias



- Está **embarazada**



- Presenta **síntomas respiratorios** ou cre que pode estar infectado



- Ten **no seu contorno próximo** unha persoa de algún dos grupos anteriores

MEDIDAS PARA PROTEXERNOS



- Lave con **xabón as mans** ao desembarcar ou empregue solucións hidroalcohólicas se están dispoñibles a bordo



- Se tuse, **cubra a boca** cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado



- **Evite tocar** os ollos, nariz e boca

RECOMENDACIÓNS APLICABLES A TODO O TRANSPORTE PÚBLICO



Anexo 2:

Cartel informativo *SERGAS*

Que debes saber do novo coronavirus?

Os coronavirus son virus que circulan entre os animais. Porén, estes virus tamén poden afectar os humanos.

O novo coronavirus identificouse na China a finais de 2019 e é unha nova cepa que non se vira antes nos seres humanos.

Os **síntomas** máis comúns da enfermidade provocada polo coronavirus (COVID-19) son:

- FEBRE
- TOSE
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE



Medidas para protexernos do coronavirus

- Lavar as mans frecuentemente.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Ao tusir, cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
- En caso de ter síntomas respiratorios, evitar o contacto próximo con outras persoas.

SE NOS 14 DÍAS DE CHEGAR DUNHA ÁREA DE RISCO OU DE TER UN CONTACTO ESTREITO CUN CASO CONFIRMADO



ÁREAS DE RISCO

+

SÍNTOMAS

↓




NON ACUDIR directamente ao hospital nin ao c. de saúde

PARA INFORMACIÓN E SÍNTOMAS LEVES

CHAMAR AO 900 400 116

CONTACTAR SÓ TELEFONICAMENTE CO 061 NAS EMERXENCIAS E CASOS GRAVES



Anexo 3:

Protocolo recomendado de medidas preventivas

Nos medios de transporte, deixaranse libres os asentos das primeiras filas e das situadas nos pasos de entrada e saída.

Diariamente elaborárase un parte de traballo correspondente aos labores de limpeza efectuadas. Estes partes incluírán data e horarios de traballo, operacións realizadas, produto utilizado e incidencias reseñables se as houber.

Establécense medidas de limpeza extraordinarias, consistentes nunha limpeza diaria por quenda, dos distintos elementos vinculados ao servizo de transporte deixando, no seu caso, de realizarse outros labores de limpeza máis prescindibles ou reducindo a frecuencia de limpeza de zonas non críticas.

A desinfección realízase con desinfectantes de uso público en xeral, como a lixivia ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 1.000 ppm de cloro activo (dilución 1:50 dunha lixivia con concentración 30-50 gramos por litro, preparada recentemente).

A técnica de limpeza a utilizar será a habitual, aínda que consistirá en aplicar a solución apuntada sobre cada un dos elementos descritos, de xeito que queden na súa totalidade bañados pola mesma e sometidos á súa acción desinfectante. A aplicación do produto non require aclarado.

As zonas críticas, que levan un reforzo de desinfección, son as seguintes:

- En relación cos vehículos, deberán centrarse na desinfección diaria de superficies e puntos comúns ao tacto tanto para as persoas usuarias como para os traballadores (posto de condución e cobro, cadro de mandos, repisas, asideros, barras de suxeición, puntos para agarrarse, repousabrazos e asentos, marcos inferiores de xanelas, mandos de apertura e canceladoras, etc), así como a eliminación diaria de refugallos..
- Despachos de billetes, posto de información e control aparcadoiro (no caso de existir): bandexa de pagamento

Adicionalmente, no caso de detectarse máis zonas críticas incluíranse na planificación diaria de limpeza, deixando de realizarse outros labores máis prescindibles, ou se reducirá a frecuencia de limpeza de zonas non críticas.

Os responsables da prestación do servizo de limpeza deberán almacenar a cantidade suficiente do produto indicado, EPI's adecuados para a súa aplicación, á vez que a impartición dos cursos de formación necesarios para o persoal, preceptivos para a realización das tarefas descritas anteriormente.

O persoal de limpeza e os lugares comúns de uso restrinxido ao persoal sométense ao mesmo réxime de limpeza (vestiarios, salas de reunións, oficinas) e deben estar equipados con desinfectantes para mans e panos de papel. O mesmo ocorre cos lavabos de uso exclusivo do persoal que deben estar en todo momento equipados con desinfectantes para mans e papel desbotable.